

Rueda reúnese co PP de Caldas de Reis coa mirada posta nas municipais do próximo ano.

- Destaca o traballo “incansable e serio” do grupo municipal, e sinala que “cando se está pegado á cidadanía, atendendo as súas inquedanzas e preocupacións, é máis fácil acertar”.
- Visitaron as instalacións do club de fútbol Caldas de Reis e charlaron coa súa directiva.

2, febreiro, 22.- O presidente do PP de Pontevedra, Alfonso Rueda, e o secretario xeral do partido, Luis López, mantiveron onte pola noite unha reunión de traballo con concelleiros e afiliados do Partido Popular de Caldas de Reis, coa vista posta nas eleccións municipais que se celebran o ano próximo.

Rueda destacou o traballo “incansable e serio” do voceiro local, Fernando Pérez, e do resto de concelleiros durante estes anos. Nesta liña, subliñou que “cando se está pegado á cidadanía, atendendo as súas inquedanzas e preocupacións, é máis fácil acertar”.

Con todo, o presidente provincial destacou que quedan por diante meses de moito traballo, de reforzar aínda máis toda a labor que o PP de Caldas de Reis leva facendo durante este tempo, e para iso “é fundamental estar na rúa, intensificar todo o noso traballo para que os veciños confíen maioritariamente no PP”.

Tamén en Caldas de Reis, aproveitaron a ocasión para visitar as instalacións do club de fútbol local e charlar coa súa directiva.







